

CO₂RUÑA



NÚMERO 19

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**
CONCELLO DA CORUÑA

**PROGRAMAS DE
EDUCACIÓN
AMBIENTAL**



O CONCELLO PRESENTA O SEU PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL COINCIDINDO COA CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA EDUCACIÓN AMBIENTAL (26.01.2018)

A Área de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio do Concello preparou para este ano 2018 un ambicioso Programa de Educación Ambiental destinado á cidadanía que se presentou o día 26 de xaneiro no Palacio Municipal.

A oferta destínase tanto a escolares como a adultas e adultos e desenvólvese nas aulas, nos centros cívicos, bibliotecas, asociacións veciñais, espazos abertos da nosa cidade e mesmo en espazos naturais dentro e fóra do municipio. Neste ano 2018 presentouse como novidade destacada a inclusión específica de entidades que, desde hai anos, traballan ca cidadanía en situacións de exclusión e que neste exercicio terán un protagonismo máis destacado. Con estas organizacións estreitarase o traballo con actividades destinadas en concreto aos seus usuarios e usuarias: acudindo aos seus centros en concreto, coordinando saídas con eles atendendo ás súas concretas dificultades, con horarios e perspectivas adaptadas ás súas singularidades.



Presentación en prensa do Palacio de María Pita

O PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL TEN COMO ELEMENTOS MÁIS DESTACADOS:

Programas de educación ambiental para escolares: os escolares da cidade poden, a través da solicitude dos responsables de planificación dos seus centros, acceder a un ambicioso plan de educación ambiental nas aulas. Nos distintos programas dispoñibles en función da súa idade, gozan de dúas actividades na aula e unha visita guiada a un lugar de interese na nosa cidade relacionado co contido formativo abordado nas clases.

O programa de visitas guiadas, rutas e observación da natureza está destinado a calquera grupo de idade ou colectivo. Con esta iniciativa, a Área de Medio Ambiente pretende cubrir as expectativas demandadas por moitos grupos cidadáns que desexan descubrir espazos urbanos relacionados co medio ambiente ou lugares de interese natural na contorna da cidade. En diferentes datas do ano, a través dos centros cívicos, bibliotecas... terán acceso a este tipo de actividades de xeito colectivo ou en grupos máis reducidos. Na semana seguinte á rolda de prensa comezaron xa as clásicas que visitan os dous ENILes da cidade: contorna das Illas de San Pedro e a contorna da Torre de Hércules.

Nas datas de verán as actividades de educación ambiental nas praias achegarán a modicidade como a persoas adultas, o valor dos nosos areais como espazos con vida natural.

Cursos, xornadas e talleres: destinadas a toda a cidadanía, abordan temas candentes na actualidade ambiental. Especialistas e persoal técnico de diferentes áreas comparecerán ao longo do ano para formar, discutir e educar á cidadanía nun talante e coñecementos ambientais superiores.

Os días sinalados no ano como máis importantes teñen a súa programación mensual disposta.

No referente as Exposicións, neste ano contamos, para os que desexen acollelas nas súas instalacións, con catro diferentes: "Fauna alada", "Cambio climático, unha solución compartida", "Especies exóticas e invasoras" e "Os Espazos de Interese Local na nosa cidade". A Área de Medio Ambiente instálalas e retira sen custo algún.

Tamén terán un novo pulo as actividades de Educación Ambiental destinadas ao numeroso grupo de amantes dos animais de compañía. O coidado e respecto desoutros veciños e as novidades legislativas aprobadas polo Parlamento de Galicia protagonizarán charlas e mesmo una xuntanza maior (en data por determinar) en espazos municipais da cidade.

Por último, na era das tecnoloxías, a web municipal da área reforzará os seus contidos en Redes Sociais para chegar a todas as persoas interesadas, con contidos actualizados informativos e formativos.



O CONCELLO CELEBROU O DÍA MUNDIAL DOS HUMIDAI S CUNHA CHARLA E UNHA VISITA Á LAGOA DE EIRÍS COS ESCOLARES DO CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE (02 .02. 2018)

Ata fai non demasiados anos estes ecosistemas eran considerados como lugares perigosos para a saúde pública por acubillar a insectos e outras especies animais vectores de enfermidades. Hoxe sabemos que os humidais atópanse entre os lugares máis ricos en vida vexetal e animal do Planeta e que o futuro de millóns de persoas en todo o mundo depende da súa conservación e fortalecemento.

Cada ano desde 1971 o día dous de febreiro celébrase en todo o mundo unha xornada de educación, divulgación e posta en valor dos humidais. No ano 2018 o protagonismo da xornada conmemorativa centrouse no seguinte lema: “os humidais para un futuro urbano sustentable”.

Dousforon as accións que se desenvolveron no día co seu alumnado:

En primeiro lugar, a través dun audiovisual, mostrouse ás rapazas e rapeces aspectos históricos do Día e a súa celebración, detallando algunhas das ameazas e problemas dos humidais no mundo para, ao final, deterse no motivo central deste ano. Entroncou coa recuperación recente realizada na lagoa do Parque de Eirís. A actividade tivo lugar no salón de actos do Centro.

A segunda parte da actividade consistiu nunha acción no propio Parque de Eirís. Nesta visita educativa a zona colocáronse caixas niño para continuar favorecendo a presenza de aves paseriformes nesta contorna.

Recentemente a Concellería de Medio Ambiente realizou obras de mellora do humidal urbano naturalizado situado no Parque de Eirís. Estas obras deixáronse sentir rapidamente cun aumento da presenza de especies na zona e a cría por primeira vez de aves como a galiñola que non o fixo neste espazo urbano da cidade nunca.



Desde o programa de educación ambiental da Concellería esta xornada celebrouse achegando o coñecemento sobre estes valiosos ecosistemas ao alumnado do CEIP Juan Fernández Latorre, veciño próximo desta lagoa.



QUE É UN HUMIDAL?

O Convenio Internacional de Ramsar, que vela pola protección dos humidais a nivel global, conta cunha longa definición para describir estes ecosistemas. Simplificando ao máximo, poderíamos dicir que agrupa tanto unha baía mariña de pouca profundidade como un encoro construído polos seres humanos. Hai moitos tipos de humidais diferentes: estuarios, beiras de ríos, acuíferos subterráneos, lagos e lagoas, marismas, pantanos...

VALORES E FUNCIÓNS DOS HUMIDAI

Este é un dos puntos máis relevantes da saída: a importancia destes espazos para a conservación da flora e fauna, pero tamén como sustento esencial de comunidades humanas, evitando, ademais, catástrofes naturais por inundacións ou precipitacións. Na xornada fíxose especial fincapé en funcións como:

1.- Retención de augas e control de inundacións

A vexetación dos humidais desempeñan unha función moi importante ao reducir a velocidade de circulación das augas de crecida.

2.- Reposición dos acuíferos subterráneos

Os acuíferos subterráneos almacenan o 97% da auga doce non conxelada do mundo, e achegan auga potable a case un terzo da poboación.

3.- Estabilización de costas e defensa ante temporais

Os humidais contribúen a reducir ao mínimo o impacto da acción do vento, así como das ondas e correntes, en tanto que as raíces das plantas contribúen a reter os nutrientes.

4.- Retención e "exportación" de chans e nutrientes

En moitas zonas do mundo, os limos traídos polos ríos e acumulados nas súas beiras son convertidas durante a tempada seca extraordinarias zonas de cultivo.

5.- Depuradoras naturais

Os humidais eliminan eficazmente as altas concentracións de nutrientes perniciosos asociados comunmente á esorrentía agrícola.

6.- Reservas para a biodiversidade

A pesar de que os ecosistemas de auga doce só cobren o 1% da superficie da Terra, aloxan a máis do 40% das especies do mundo e ao 12% de todas as especies animais.

7.- Orixe de produtos de gran importancia económica

A lista é case infinita: froita, peixe, marisco, carne, forraxe para animais, etc.

8.- Base dunha florecente industria do lecer

A beleza natural, así como a diversidade da vida animal e vexetal de moitos humidais fan que sexan lugares de destino turístico ideais.

9.- Valor cultural

Esta función dos humidais está relativamente mal documentada, pero son moitos os casos de humidais con importantes valores relixiosos, históricos, arqueolóxicos, e outros valores culturais que representan unha parte do patrimonio da nación.

10.- Mitigar o cambio climático

Os humidais son capaces de absorber importantes cantidades de carbono. A súa destrución, por tanto, liberará un gas de efecto invernadoiro, o dióxido de carbono, mentres que a súa restauración e creación traducirase na retención de máis carbono.

OUTROS HUMIDAI S PRETO DE NOS, NA NOSA CIDADE SON:

O [encoro de Abegondo- Cecebre](#) é un dos humidais máis valiosos e representativos de Galicia. É ademais dun valioso ecosistema é o acuífero de servizo de auga potable da nosa cidade.

A riqueza ornitolóxica deste lugar quizá sexa a máis evidente, singularmente nas datas invernaís, pero non é a única. Nestas datas de xaneiro e ata a primavera centenas de aves frecuentan o humidal para deterse nas súas viaxes migratorias ou para quedar a pasar as datas máis rigorosas de frío na nosa proximidade, lonxe dos seus lugares de cría que permanecen agora baixo a neve ou o xeo. O espectáculo é fermoso e moi accesible: cuns prismáticos e unha guía de aves (das que hai varias editadas *online*) podemos iniciarnos no goce deste mundo que discorre fronte aos nosos ollos.

Encoro de Abegondo-Cecebre



Outro humidal de interese rexional da nosa cidade é a [Ría do Burgo](#). O seu entorno, zona de espaxemento para camiñantes, para ciclistas..., é un auténtico pulmón verde do arrabalde urbano que pode ser cualificado, por dereito propio, como un dos ecosistemas máis valiosos do noso entorno.

Lavancos

Na definición do Convenio de Ramsar, e pola importancia de todos eles, tamén figuran outro tipo de humidais, tanto de factura humana, como temporais asolagamentos que contribúen a enriquecer a biodiversidade de maneira estacional. Exemplos disto son a [lagoa naturalizada de Eirís](#) xa mencionada, ou as pequenas charcas de Punta Herminia ou espazos novos ou recuperados como a [nova lagoa do Parque Adolfo Suárez](#).

O CONCELLO ADXUDICARÁ A FINAIS DE ANO O NOVO CONTRATO DE RECOLLIDA DE LIXO

Licitarase por 14,5 millóns e consultarase á cidadanía o seu contido a partir do día 14 de febreiro na web de Medio Ambiente

O contrato será licitado cun importe de 14,5 millóns e introducirá melloras na recollida; fomentará a reciclaxe, aplicará un control de calidade exhaustivo e introducirá importantes cláusulas sociais e ambientais na xestión, segundo as palabras da Concelleira na presentación en María Pita da licitación.

O servizo contará cunha recollida diferenciada para os grandes produtores de residuos que xeran aproximadamente o 30% do lixo da cidade. O prego contempla tamén a substitución dos 15.000 colectores existentes agora no municipio. Outra importante novidade da nova licitación é que o cobro da tarifa variará en función de como se separe. Esta medida non será inmediata. Realizarase ao longo de varios anos pero é un obxectivo de eficiencia crave para a corporación municipal que aposta desde este contrato por unha mellora real da recollida que nos introduza nun avanzado plan de futuro relacionado cos residuos.

Os traballadores e traballadoras de CESP (a actual concesionaria) non verán afectada o seu futuro laboral porque todo o persoal encargado na actualidade dos labores de recollida deberá ser subrogado pola adxudicataria deste novo contrato.

Reciclando máis e mellor.

Grandes novas para unha mesma prioridade:
o coidado do espazo público

#noseusitio



ENTRE OUTROS MOITOS TEMAS DE MEDIO AMBIENTE, NAS REDES SOCIAIS MUNICIPAIS ESTES DÍAS FALÁBASE DE:

#APÉDEBARRIO

#APédeBarrio un plan intensivo de coidado dos espazos públicos que xunto con actuacións de rexeneración urbana inclúe a limpeza integral con auga. Este sábado non deixes o coche nestas rúas da Gaiteira para que poidamos traballar

O Concello pon en marcha o servizo integral de xestión de aves urbanas, orientado cara ao sacrificio cero “e que favorecerá a convivencia entre estas especies e a veciñanza”

#CORUÑAVIVA

O prazo para solicitar unha parcela nas ecohortas urbanas de Agra do Orzán, Eirís e Novo Mesoiro abrírase nos vindeiros días.

Medio Ambiente asina un convenio de colaboración con catro entidades animalistas para controlar e mellorar as condicións sanitarias das colonias felinas da cidade

O Concello acomete importantes melloras na rede de saneamento da EBAR de San Roque “que redundan nunha maior eficiencia enerxética e do tratamento de augas residuais”

O goberno local vén de plantar 12 novos bidueiros na avenida de Salgado Torres, que se corresponden co acompañamento paisaxístico do novo proxecto de carril bici.

O alcalde, @XulioFerreiro, acompañado polas concelleiras @Claudia__Delso e María García, visitou esta mañá os 41 novos exemplares de árbores froiteiras que se plantaron no Parque de Oza, no marco dos Orzamentos Participativos.

#ORZAMENTOSPARTICIPATIVOS



CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

